

GRUPO SERVIENIOR

Dende o Grupo Servisenior xestionamos distintos centros de atención a persoas maiores: Residencias, Centros de Día, Vivendas Comunitarias e Fogares Residenciais, sempre baseándonos nun sistema de calidade e mellora continua para dar á persoa maior o millor dos servizos.

O Grupo Servisenior ofrece servizos integrais que contribúen á atención das necesidades básicas dos residentes, ao seu desenvolvemento persoal, social, e ao mantemento da súa autonomía e independencia.

SERVIENIOR SANTIAGO



residencias de maiores

 981 52 24 26

 xestion@fesan.org

 R/ Amio 114, PE. Costa Vella, Santiago de Compostela

 www.fesan.org



BOLETÍN Nº 1

XUÑO 2017



INDICE:

INTRODUCCIÓN DIRECTORA.....	3
1.- ACTIVIDADES DO CENTRO.....	4
2.- TEMAS DE ACTUALIDADE.....	8
3.- OS PROTAGONISTAS.....	14
4.- CELEBRACIÓN.....	18

Benvidos ao noso boletín semestral que edita **SERVISENIOR SANTIAGO**, e que difundimos entre usuarios, familiares e profesionais.

Con esta iniciativa, pretendemos compartir experiencias e sabiduría que só os anos dos nosos residentes nos ofrecen.

Amosámosvos uns anacos dos intres vividos neste primeiro semestre do 2017, nos que residentes e traballadores quixemos colaborar trasladando experiencias e sensacións do que é o día a día do “noso fogar”.

Agardamos que disfrutedes tanto da súa lectura, coma nós na súa elaboración.

Maite Fernández Ramos
Directora Residencia Servisenior Santiago





1.- ACTIVIDADES DO CENTRO

* DEPARTAMENTO DE FISIOTERAPIA

Realizamos un estudo multidisciplinar para aumentar a efectividade na redución da incidencia de caídas. Atopamos como causas principais o deterioro da coordinación e o equilibrio, a perda de masa muscular e o enlentecemento dos reflexos. Estes factores de risco vense incrementadas cando se asocia con problemas neurolóxicos, demencias, amputacións ou enfermidades que cursen con síncope ou perdas de coñecemento.

Son discutidos en detalle os posibles factores do entorno que puideran favorecer o risco de caídas como: barreiras arquitectónicas, obxectos no chan, mala iluminación. Persoalmente con cada usuario, reedúcese o uso das axudas técnicas e a súa utilidade, tanto na marcha como nas diferentes transferencias (cama-sillón, etc...).

A fisioterapeuta realiza regularmente unha avaliación de cada usuario, o seu historial médico, estado funcional, equilibrio, postu-

ra e axudas técnicas, co obxectivo de medir o risco de caídas e establecer o tratamento axeitado a cada persoa.

Abordamos a síndrome post-traumática coas súas posibles complicacións, tanto física coma psicosocial.

Tamén se fixeron gráficas da incidencia total de caídas anuais, lugares de caídas máis frecuentes e as súas causas e consecuencias destinados a previr futuros incidentes.

Na sala de fisioterapia explícase aos usuarios os riscos e consecuencias das caídas, e trabállanse os diferentes aspectos determinantes na prevención activa, como poden ser a mobilidade e sensibilidade de pé e nocellos, a forza e a resistencia, tanto dos membros inferiores coma superiores, a axilidade, coordinación e equilibrio en diferentes posicións. Faise tamén unha toma de consciencia da postura e realízanse exercicios de estiramento e respiración.





* DEPARTAMENTO DE ANIMACIÓN

Dende o departamento de animación, o primeiro semestre do ano 2017, estivo cargado de actividade. Comenzamos o ano festexando o mes da Paz, e celebrando o fin do Nadal, con agasallos que nos trouxeron as súa Maxestades os Reis Magos de Oriente.

Levamos a cabo os nosos propios agasallos de San Valentín (marcos de fotos feitos con materiais de refugallo: cartón, caixas de ovos...) e tamén fixemos os disfraces de Antroido.

Ca chegada da primavera elaboramos unhas diademas florais, feitas totalmente a man polos nosos usuarios. Con lazos de cores, coas que agasallamos ás nenas da escola "Pasitos de baile". Tamén a resi encheuse de primavera con bolboretas de papeis de cores.

En Abril festexamos o día do libro, facendo marcapáxinas de cartulina con motivos animais. O mes de Maio, estivo adicado ás nosas letras cun mural de Carlos Casares.





3.- TEMAS DE ACTUALIDADE

- A nosa fisioterapeuta Zeltia, participou nas “IV Xornadas de Atención ó paciente crónico”, que tiveron lugar no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. A reunión estivo dirixida a facultativos e persoal de Enfermería da área de Santiago. Centrouse en dous temas: “As caídas dos anciáns e protocolo de manexo de fracturas” e “A polimedicación nas persoas maiores”.



- En Servisenior Santiago, apostamos por uns coidados óptimos e actualizados para os nosos residentes. Para iso, é imprescindible contar cunha formación continuada. Neste semestre, todos os profesionais do centro, participamos nos cursos que se levaron a cabo: “Hixiene e manipulación de alimentos” e “Funcións cognitivas e hábitos de autonomía persoal”.
- Foi en Xaneiro cando celebramos a fin das festas do Nadal. Para iso contamos coa actuación do “Coro Solfa” de Santiago, no que tanto residentes coma familiares participamos nun recital de panxoliñas. Todos xuntos lembramos con morriña cantigas tradicionais que nos transportaron ao pasado.





- O 24 de Febreiro celebramos o Antroido. Os disfraces que lucimos foron feitos con cartóns e pintados polos nosos residentes. As familias foron partícipes e pezas claves do noso particular concurso de disfraces.



- É ben sabido do cariño que amosan os avós cara os pequerrechos. Entrada a primavera decidimos realizar un “Encontro Interxeracional” cos nenos e nenas da Escola de Baile “Pasitos de Baile”. Foi moi satisfactorio velas caras e as reaccións de tódolos residentes cando os nenos e nenas deste grupo nos deleitaron cunha demostración de baile moderno. Os avós quixeron agradecerlle aos pequenos estes intres de satisfacción cunhas diademas feitas a man por eles mesmos.





- O equipo asistencial de Servisenior Santiago coñece ben que os animais de compañía son unha fonte de saúde. A súa eficacia como complemento da psicoterapia tradicional, da reinserción social e da mellora de calidade de vida dos nosos residentes, están demostradas. Os efectos positivos, están baseados no mantemento da interese sobre o animal, feito que condiciona as ganas de vivir e de mellorar día a día. Outro dos efectos beneficiosos dos animais, son aqueles que favorecen a non sentirse sós, reducindo así a ansiedade. A reacción, comportamento e actitude dos nosos residentes entono aos animais, mellora o seu estado emocional, a súa disposición a relacionarse cos demais e o seu ben estar en xeral. A familia de Servisenior Santiago aumentou coa chegada de PACA, a nosa Cacatua Ninfa.



PACA





4.- OS PROTAGONISTAS

• Camilo Cao Martínez (residente)

Aproveitando a celebración do día das letras galegas, decidimos render unha pequena homenaxe a un dos nosos residentes, Camilo Cao Martínez, que ten entre os seus máximos hobbies, a afección pola poesía: épica, lírica,.....

Nace o 11 de Outubro de 1945 en Ansemil (Celanova, Ourense), e ingresa no noso centro en novembro do 2011. Seguidor de Rosalía de Castro, Curros e Neira Vilas, trata na súa poesía de renovar ou mellorar o que está mal na sociedade, na procura de fraternidade, de paz e de solidariedade entre os seres humanos.

Reflexiona e conmóvese ante todo co que lle rodea, co que lembra, pasa ou sente. El mesmo se define como un home inqueda, ao que lle apaixona viaxar. Ten percorrido practicamente tódalas comunidades autónomas españolas e diversos países estranxeiros como Grecia, Italia, Israel, Exipto, Turquía, Portugal, etc. fonte de parte da súa inspiración.

O 16 de Maio, presenta en SERWISENIOR SANTIAGO o seu libro “Cadros de Raízame”, onde se recolle un poemario que se centra no persoal da nosa residencia, pasando por diferentes estados: paixón, vida, comprensión, desamor, fracaso, etc. Tamén fai referencia a temas relativos aos sentimentos, ao Antroido, á inxustiza, á patria, á liberdade, etc.

Dende aquí queremoslle render unha pequena homenaxe para que siga deleitándonos con tódalas súas obras.

Cao Martínez sigue en la brecha con dos nuevos poemarios

Hombre inquieto donde los haya y escritor capaz de llenar cientos de folios sin fatigarse lo más mínimo, **Camilo Cao Martínez**, un ourensán de Celanova perteneciente a la excelente cosecha de 1945; acaba de sacar del horno dos libros de poemas que a buen seguro no defraudarán a sus seguidores. Se trata de *Rautos de agarimo*, donde vierte infinidad de impresiones y sentimientos sobre diferentes enclaves de Santiago, y de *Cafros de raízame*, en el que reflexiona sobre el amor, el mundo femenino, la injusticia, la corrupción, la patria y hasta la libertad. Ambas las presentó ayer en la residencia O Mirador, radicada en Os Tilos (Teo). Viajero empedernido por España y por medio mundo, Camilo Cao es un gallego que no pierde las raíces y que siempre tiene a **Rosalía de Castro**, a **Curros** y a su paisano **Celso Emilio Ferreiro** en el corazón. Enhorabuena por estas dos nuevas joyas.





- Alfonso Cabaleiro Durán (familiar de residente)



FICHA TÉCNICA

Nombre y apellidos..... Alfonso Cabaleiro Durán

Lugar de nacimiento..... Chapela (. Redondela).....

Dedica su tiempo libre a..... La familia.....

Su música preferida es..... Folk/ Country.....

Un libro que recomendaría..... La Biblia.....

Un lugar para viajar..... Galicia.....

No dejes para mañana lo que puedas hacer hoy... y ahora.....

Un recuerdo de la infancia, la bondad y sabiduría de la abuela Dolores

Una frase/refrán/consejo que rememore con nostalgia y que le haya sido útil en la vida..... de mi padre: "...Por encima de toda...
... Honesto y Buena Persona".....

Un olor que le recuerde al pasado..... El mar.....

¿Cuál sería su envejecimiento ideal... en aceptables condiciones físicas,
y mentales.....



5.- CELEBRACIÓN

* BENVIDA AO NOSO CENTRO

Este semestre démoslle a nosa benvida a :

- * Lola
- * Dori
- * Pilar
- * Jesús
- * Concha
- * Jesús
- * Elena
- * Plácido
- * Carmen



* OS CUMPREANOS DESTE SEMESTRE

- | | | | |
|-----------|---------|------------|---------|
| * Beni | 96 anos | | |
| * Jesús | 82 anos | | |
| * Sindo | 70 anos | | |
| * Josefa | 92 anos | | |
| * Marina | 85 anos | | |
| * Ramón | 63 anos | | |
| * Puri | 87 anos | | |
| * Pilar | 71 anos | | |
| * Ermitas | 77 anos | | |
| | | * Manuel | 74 anos |
| | | * Josefina | 95 anos |
| | | * Concha | 85 anos |
| | | * Rosario | 82 anos |
| | | * Dolores | 87 anos |
| | | * Maria | 85 anos |
| | | * Sara | 87 anos |
| | | * Lourdes | 90 anos |
| | | * Jesús | 51 anos |
| | | * Inés | 74 anos |
| | | * Celia | 93 anos |

